



**CIRCULAR INFORMATIVA Nº 2 SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS  
DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO**

Estimados/as pais/nais de alumnos/as deste centro:

A resolución do 20 de Setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Educación (**D.O.G. 29/09/2021**) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios. Para a súa información notifícolle, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as.

**1.- CONSELLO ESCOLAR**

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición é a seguinte:

- Director/a do centro
- Xefe de Estudos
- Secretario/a
- 5 Profesores/as elixidos/as polo claustro
- 5 Pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA)
- 1 Representante do Concello
- 1 Representante da administración e servizos

Os membros do Consello escolar son elixidos por 4 anos e renóvanse parcialmente cada dous. Neste curso cómpre facer unha renovación, xa que o curso pasado por mór da pandemia da covid-19 quedou adiada e dacordo coa lexislación vixente, no sector pais/nais de alumnos/as, corresponde **renovar \*2 dos seus membros\***. Os criterios serán:

1º- Os que cumpren o período establecido de 4 anos.

2º- A voluntariedade.

3º- Membros que lles queden menos tempo de pertencer á Comunidade Educativa.

**2.- XUNTA ELECTORAL**

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha XUNTA ELECTORAL formada por:

- Director do centro
- 1 Profesor/a (elixido en sorteo público).
- 1 Pai/nai de alumno/a (elixido en sorteo público).
- 1 membro da administración e servizos (elixido en sorteo público).

**3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS**

**a) Electores**

Son o pai e a nai ou os títos legais (**poden votar os dous**) dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcripción**), se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro póñao en coñecemento antes do día 16 de novembro para que o secretario/a proceda á súa rectificación, e o comunique á Xunta electoral para a súa aprobación.

**b) Elixibles**

Todos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo a Xunta Electoral, para eso pode facer Vde. unha solicitude dirixida á Xunta Electoral ou ben na conserxería do colexio o impreso oficial aprobado pola Xunta Electoral, (tamén pode pedilo a través do/a seu/súa fillo/a.) ou descargalo da páxina web do colexio.

O prazo de presentación de candidaturas será do 04 ao 11 de Novembro (ámbolos dous inclusive) e debe entregar Vde. a súa solicitude na secretaría do centro, en horario de 9.00h a 14.00h, ou remítala por correo electrónico a: [ceip.felipe.castro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.felipe.castro@edu.xunta.gal)

### c) Elección

A votación para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase entre os candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral o vindeiro día **22 de Novembro** no colexio diante dunha mesa electoral constituída por:

- O director do centro, que será o seu presidente
- Catro pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o día 15 de novembro ás 16:00 horas na biblioteca do colexio).

A Xunta Electoral acordou que o horario de votación sería durante a xornada escolar de 9:15 a 10:15h, de 12:30h a 13:30h e de 16:30h a 19:30h. Ao remate farase o escrutinio público dos resultados.

O voto será directo, segredo e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo e fará constar na papeleta **un máximo dun nome.**

### d) Supervisores

Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio, ben propostos/as pola ANPA do centro, ben avalados/as pola sinatura de **dez** pais/nais.

A aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación. (A lo menos 4 días antes das eleccións)

Os membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente

Para máis información sobre o proceso consultar a lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia sección Consello Escolar de Galicia

Tamén pode Vde. pasar polo colexio onde lle facilitaremos a información que precise.

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa e recordamos que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais de alumnos se presenten o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

E co noso ánimo a que participen tanto como candidatos/as como electores/as neste proceso,

Reciban un cordial saúdo:

O DIRECTOR (PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL)

